

| <b>ACTIVIDADE</b>    | <b>EU E NOS</b>  |
|----------------------|--|
| DESTINATARIOS        | Alumnado de 5º e 6º EP   |
| DATA DE CELEBRACIÓN  | 28 de marzo  |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | No colexio   |
| Nº ASISTENTES        | 92 nenos e nenas   |
| DATOS DE INTERESE    | <p>En certas idades maniféstanse inseguridades, comportamentos inadecuados con relación ao outro sexo, vergoñas, dúbidas sobre o corpo e o que lles está a acontecer no seu crecemento. Por iso realizamos de 1 sesión 100 minutos, en cada grupo no 3º ciclo de Educación Primaria; separando a nenos e a nenas. 5ºA e 5ºB comparten obradoiro e 6ºA e 6ºB tamén o comparten.</p> <p>Creamos espazos diferenciados onde poder abordar de forma segura, e entre iguais, as dúbidas e presións que se viven desde cada identidade sexual.</p> <p>Eu e Nós é un obradoiro diferencial para nenas e nenos onde, a través dunha metodoloxía socio afectiva, poder abordar cuestións que afectan á identidade propia de cada sexo.</p> <p>O obradoiro faise de forma simultánea durante 100 minutos para o que se contou cun educador para o grupo de rapaces e unha educadora para o grupo de rapazas.</p> <p>No grupo de rapazas favorécese un achegamento ao ciclo menstrual no proceso de respectar o seu corpo e contemplalo desde un punto de vista positivo e ráchanse tabús sociais e culturais.</p> <p>E no caso dos rapaces créase un debate sobre o significado de crecer sendo home coa finalidade de rachar coas actitudes machistas e sexistas.</p> <p><b>FACILITADORAS</b></p> <p>Noelia Darriba García Educadora Social e Psicoterapeuta. Facilitadora en Terapia do Reencontro: autoconñecemento, sexualidade e relacións humanas desde un enfoque de xénero. Formadora en igualdade de xénero, prevención das violencias machistas e coeducación emocional.</p> <p>Juanjo Lorenzo Casteiñeiras. Doutor en Ciencias da Educación, sociólogo e especialista en intervención socioeducativa e en feminismos.</p> |
| AVALIACIÓN           | É o segundo ano que realizamos este Obradoiro. O ano pasado só foi para 6º EP. Parece que non encaixa tan ben en 5º EP coma para 6ºEP. Terémolo en conta para vindeiros anos.  |

